

BASES FESTIVAL DE COMPARSAS

Pavillón municipal dos deportes
O Grove, 14 de febreiro de 2015

INSCRICIÓN

Primeira. Todas as comparsas que queiran participar no concurso teñen que inscribirse no Rexistro do Concello do Grove, cubrindo para iso a folla de inscrición, que lles será facilitada alí mesmo ou que poderán descargar desde a páxina web municipal do Concello ou desde o sitio Facebook 'Entroido do Grove'. O prazo para a súa presentación remata o 10 de febreiro de 2015, ás 14.00 h.

Segunda. O festival contará coa participación dun máximo de 10 comparsas. No caso de superar esta cantidade, seleccionaranse pola súa orde de inscrición e con prioridade para as comparsas do Grove. Dese xeito, a simple inscrición non garante a participación no festival, participación condicionada, pois, á fin do prazo de inscrición e á confirmación definitiva pola organización do evento. A organización pode permitir a participación de comparsas fóra de concurso se quedan prazas libres e se algunha así o desexa así. A orde de actuación destas últimas será decidida xunto coas comparsas o día do sorteo da orde de actuación.

COMPOSICIÓN

Terceira. As comparsas teñen que estar formadas, como mínimo, por 15 persoas, e terán un/unha representante legal maior de idade, o/a cal asume a responsabilidade diante de reclamacións de terceiras persoas que puidesen producirse, tanto polo contido das letras, como pola utilización das músicas ou dos vestiarios.

Os/as integrantes de cada comparsa só poderán participar, única e exclusivamente, nunha comparsa.

ACTUACIÓN

Cuarta. A orde de actuación será a resultante dun sorteo que se realizará o 12 de febreiro de 2015, ás 20.30 h, na Casa do Concello, polo que se recomenda a asistencia dun representante de cada comparsa. A sesión será de carácter público.

Quinta. As comparsas teñen a obriga de estar o sábado 14 de febreiro de 2015, coa suficiente antelación, no pavillón municipal dos deportes do Monte da Vila para participaren no festival no posto que lles fose asignado no sorteo. O festival comezará puntualmente ás 21.00 h.

Sexta. Será da conta do Concello a instalación do escenario, a iluminación, o son e a decoración do pavillón. As comparsas contarán con medios propios para faceren a súa actuación, e terán un máximo de 25 minutos desde que suban ata que baixen do escenario, no que non poderán deixar ningunha das súas pertenzas. O xurado poderá penalizar como considere oportuno o incumprimento deste punto.

Sétima. A entrada e a saída de cada comparsa será ordenada, pola porta lateral do pavillón, e non poderá acceder ao seu interior ata que lle chegue a vez da súa actuación, segundo a orde establecida previamente, da que deberán estar pendentes cada un dos seus representantes. Mentres tanto, poderán permanecer fóra do recinto ou na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey. Logo de remataren a súa actuación, os membros das comparsas teñen que saír ordenadamente, como lles encomende a organización, ata a entrada lateral. Poderán permanecer no pavillón, sen faceren ningún tipo de ruído. O xurado poderá penalizar como considere oportuno o incumprimento deste punto.

Oitava. As comparsas non poderán usar na súa actuación lume, fume ou calquera outro

material que supoña un perigo para a vida e/ou a saúde das persoas. O xurado penalizará as comparsas que incumpran este apartado coa súa eliminación automática.

Novena. Unha vez rematado o festival, as comparsas retirarán do pavillón todas as súas pertenzas. O Concello descontará dos premios os gastos de persoal e transporte que puidesen ocasionar as retiradas non realizadas polas propias comparsas.

Décima. As dependencias da casa da cultura, se algunha comparsa o solicita na ficha de inscrición, estarán dispoñibles ata o inicio do festival para que as comparsas poidan depositar alí calquera pertenza, baixo a súa propia responsabilidade.

Décimo primeira. As comparsas non poderán utilizar o pavillón para ensaios nin ningunha outra cousa nos días previos ao concurso nin o mesmo día do festival, para facilitar a montaxe do escenario, son, iluminación e demais. No caso de que o Concello acorde coa empresa de son a realización dalgunha proba coas comparsas, estas serán avisadas, e a súa realización estará suxeita ás indicacións do persoal técnico.

Décimo segunda. Co fin de acadar o mellor festival posible no seu conxunto e ofrecer maior vistosidade e axilidade no seu desenvolvemento, evitando demoras ou posibles problemas técnicos que poidan deslucilo, as comparsas comprométense a entregarlles, coa suficiente antelación, (a través dun CD, pendrive...) aos técnicos de son e/ou TV os arquivos de música ou vídeo que queiran reproducir durante a súa actuación. Os anteditos técnicos aceptarán ou non, segundo o seu criterio, a inclusión da música/vídeos facilitados polas propias comparsas.

Décimo terceira. Co fin de colaborar e de lle dar máis vistosidade ao desfile do Martes de Entroido e ao Enterro da Sardiña, así como a oportunidade ao público en xeral de poder gozar das comparsas, animase a estas a que participen en ambos os desfiles.

XURADO

Décimo cuarta. O xurado estará dividido en 3 bloques, de 3 membros cada un, que valorarán os seguintes aspectos das actuacións:

- ✓ Interpretación: a música, o canto e a posta en escena.
- ✓ Vestiario: a súa realización artesanal, a súa orixinalidade e vistosidade, o mesmo que as maquillaxes e os complementos.
- ✓ Crítica: a letra, a finura do "aguillón", a súa capacidade de berrarlle ao Entroido e a valoración humorística, coas mellores formas.

A composición do xurado será como de costume nas últimas edicións: os membros do apartado "Crítica" serán do Grove, namentres os de "Vestiario" e "Interpretación" serán de fóra (sempre que sexa posible). Como novidade, 3 dos 9 xurados serán escollidos a través dun sorteo no Facebook 'Entroido do Grove', no que pode participar calquera persoa maior de 18 anos. O nome destes tres xurados seralles comunicado ás comparsas o día do sorteo da orde de actuación –12 de febreiro de 2015, ás 20.30 h, na Casa do Concello–; se algunha comparsa ten inconveniente, poderá recusar o xurado, que será eliminado.

Décimo quinta. Cada membro do xurado votará só o seu bloque de competencia, cunha única cifra de puntuación, que estará comprendido entre o 1 e o número total de comparsas a concurso, e non poderán repetir o valor votado en ningún outro caso.

O xurado resérvase o dereito de descualificar, segundo o seu xuízo, a/as comparsa/as que incumpra/n algunha das normas destas bases.

O concelleiro de Cultura, ou quen el determine, fará de secretario e só dará apoio e explicación sobre o contido e os criterios destas bases, se for necesario. O secretario non terá opción de voto.

Décimo sexta. Rematada a votación, o concelleiro de Cultura, ou quen este determine, diante

de todos os membros do xurado, sumará as puntuacións e redactará a acta, que será asinada polos membros do xurado e comunicada ao público asistente. Despois de que se coñeza o nome da comparsa gañadora, esta recibirá a Bandeira do Entroido 2015.

A comparsa gañadora da Bandeira do Entroido 2015 tamén será coroada co título de **Comparsa Campioa do Mundo 2015** e obsequiada co trofeo correspondente, que será propiedade do Concello do Grove, e que esta recibe como depositaria ata o próximo festival de 2016, no que se lle entregará á nova gañadora, e así sucesivamente. Aquelas comparsas que gañen tres bandeiras serán obsequiadas cunha réplica do trofeo en propiedade. Loxicamente, poderán utilizar o cualificativo de 'Comparsa Campioa do Mundo'.

Décimo sétima. Os membros das comparsas respectarán o labor do xurado, non entrando en conversación con el. Acatarán a súa decisión, aínda que non a compartan. O xurado pode eliminar calquera comparsa se estima que algún dos seus membros non respecta os contrincantes.

PREMIOS

Décimo oitava. Os premios quedan establecidos do xeito seguinte:

Primeiro: 1.100 €, diploma, e bandeira
Segundo: 900 € e diploma
Terceiro: 800 € e diploma
Cuarto: 600 € e diploma
Quinto: 500 € e diploma
Sexto: 400 € e diploma
Resto de participantes: accésit de 300 €

DA ORGANIZACIÓN

Décimo novena. As comparsas terán a obriga de entregarlle 12 exemplares das súas historias ao Concello do Grove, a través do concelleiro de Cultura, ou da persoa que el designe, para lles seren entregadas ao xurado e ao arquivo municipal. A data límite para esta entrega é o 12 de febreiro de 2015, durante o sorteo da orde de actuación das comparsas. No caso de que non cumpran este apartado, quedarán excluídas do concurso.

Vixésima. Os premios pagaránselle ao/á representante legal de cada comparsa gañadora a semana seguinte ao Entroido, nas dependencias do edificio administrativo municipal. O/a representante legal da comparsa deberá presentar o certificado do premio correspondente e o seu DNI.

Vixésimo primeira. Calquera aspecto non contemplado nestas bases pode ser modificado polo Concello, en beneficio do bo funcionamento do concurso. A mera participación no festival leva consigo a aceptación das presentes bases.

Vixésimo segunda. O Concello do Grove, como organizador deste evento, pode contratar servizos ou establecer convenios de colaboración para a súa xestión ou realización con terceiros, tendentes a mellorar a organización e difusión deste e das actuacións que nel se realicen, tanto por medios audiovisuais e sonoros, radiofónicos, televisivos ou Internet, renunciando expresamente as comparsas –coa aceptación destas bases– a calquera reclamación por posibles difusión ou explotacións, que será, en todo caso, responsabilidade do Concello do Grove.

O Grove, xaneiro de 2015